

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

ORDE do 10 de decembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento SI434A).

A Comunidade Autónoma, en virtude do artigo 148.1.20º da Constitución española e do artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, asume a competencia exclusiva en materia de asistencia social. A Xunta de Galicia, na aplicación do principio de integración da dimensión da igualdade de oportunidades na elaboración, execución e seguimento de todas as políticas e accións da súa competencia establece, como un dos criterios xerais da súa actuación, a garantía da dignidade das mulleres e homes, con especial incidencia na adopción de accións tendentes á erradicación de todas as formas de violencia de xénero, tal e como recolle o artigo 20 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón no seu artigo 39.1 que «a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. A prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, ou da persoa que mantivese sobre ela unha relación de dominación e mais a tentar axudalas a romper coa situación de violencia». E no número 2 do mesmo artigo establece que a Xunta de Galicia regulará esta prestación a través dunhas bases reguladoras, que serán aprobadas mediante orde ou resolución pola persoa titular do departamento competente en materia de igualdade. Estas bases reguladoras garantirán en todo caso un prazo de solicitude aberto durante todo o ano e establecerán como potenciais persoas beneficiarias as vítimas das formas de violencia de xénero sinaladas nas liñas a) Violencia física, b) Violencia psicolóxica, f) Trata de mulleres e nenas, g) Violencia vicaria e i) Explotación sexual, do artigo 3.

A través da presente orde establécense as bases que rexerán o procedemento de concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, e procédese á súa convocatoria para o ano 2026.



A Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo IV no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista normalmente no orzamento crédito adecuado e suficiente. Así mesmo, en cumprimento do artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a concesión das subvencións tramitadas nesta orde queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da dita Orde do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no seu artigo 5, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde se entenden condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Esta orde de convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e normas de desenvolvemento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Na súa virtude, e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, polo Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e polo Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras que rexerán a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as ditas axudas para o ano 2026.



2. A finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, ou da persoa que mantivese sobre elas unha relación de dominación e/ou de explotación para os casos das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou vítimas de explotación sexual, e axudalas a romper coa situación de violencia, dominación e/ou explotación, que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura da situación en que corren perigo e/ou están a ser explotadas.

3. O código de procedemento correspondente a estas axudas é o SI434A.

Artigo 2. *Prazo, lugar e forma de presentación das solicitudes*

1. O prazo para a presentación de solicitudes comezará transcorridos cinco (5) días hábiles desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e permanecerá aberto ata o 31 de decembro de 2026.

De acordo co disposto no artigo 29 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo de presentación de solicitudes de subvención establecidos nas correspondentes convocatorias en ningún caso será inferior a un (1) mes.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible (anexo I) na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Artigo 3. *Orzamento*

1. Para a concesión destas axudas destinaranse 5.399.994,00 euros, imputables á aplicación orzamentaria 08.06.313D.480.0 (código de proxecto 2014 00180), de acordo coa seguinte distribución:

Ano 2026: 2.425.000,00 euros.



Ano 2027: 2.974.994,00 euros, para o financiamento das axudas que, pola súa duración, xeren dereitos económicos das persoas beneficiarias durante o exercicio seguinte.

2. Este crédito poderá ser ampliado cando o aumento veña derivado da súa previsión legal ou dalgún dos supostos previstos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento de crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade deste como consecuencia das circunstancias sinaladas no dito artigo.

3. Segundo o establecido no artigo 5 da Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde se entenden condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción. Así mesmo, en cumprimento do artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a concesión das subvencións tramitadas nesta orde queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Artigo 4. *Contía das axudas*

1. A contía que poderá acadar esta axuda establécese en función das rendas e ingresos da solicitante en relación co indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente, de acordo coas seguintes especificacións:

a) Se os ingresos da solicitante son iguais ou inferiores ao IPREM vixente, e ata un máximo de doce mensualidades:

1º. Con carácter xeral: 600 euros/mes.

2º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, ou unha discapacidade ≥ 33 %: 650 euros/mes.

3º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33 %: 700 euros/mes.

4º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo dúas/dous ou máis fillas/os menores ou menores en acollida: 700 euros/mes.



5º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo dúas/dous ou máis fillas/os menores ou menores en acollida, e algunha ou algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33 %: 800 euros/mes.

6º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 65 % ou teñan recoñecido un grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia: 800 euros/mes.

b) Se os ingresos da solicitante son superiores ao IPREM vixente e iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente, e ata un máximo de doce mensualidades:

1º. Con carácter xeral: 300 euros/mes.

2º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, ou unha discapacidade ≥ 33 %: 350 euros/mes.

3º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33 %: 400 euros/mes.

4º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo dúas/dous ou máis fillas/os menores ou menores en acollida: 400 euros/mes.

5º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo dúas/dous ou máis fillas/os menores ou menores en acollida, e algunha ou algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33 %: 500 euros/mes.

6º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 65 % ou teñan recoñecido un grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro: 500 euros/mes.

c) Se os ingresos da solicitante son superiores a 1,5 veces o IPREM vixente e iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente, e ata un máximo de doce mensualidades:

1º. Con carácter xeral: 200 euros/mes.

2º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, ou unha discapacidade ≥ 33 %: 250 euros/mes.



3º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33 %: 300 euros/mes.

4º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo dúas/dous ou máis fillas/os menores ou menores en acollida: 300 euros/mes.

5º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo dúas/dous ou máis fillas/os menores ou menores en acollida, e algunha ou algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 33 %: 400 euros/mes.

6º. Cando a solicitante tivese ao seu cargo unha/un filla/o menor ou menor en acollida, e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade ≥ 65 % ou teñan recoñecido un grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro: 400 euros/mes.

2. Non se considerarán a cargo as/os menores emancipados e/ou con ingresos mensuais brutos superiores ao IPREM vixente, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

Artigo 5. *Requisitos das solicitantes*

1. Serán requisitos necesarios para poder ser persoa beneficiaria da prestación periódica:

a) Ser muller, maior de idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero na súa manifestación física e/ou psicolóxica, nunha relación de convivencia e de dependencia económica do seu agresor, ou no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou vítimas de explotación sexual, de dependencia da persoa que mantivese sobre ela unha relación de dominación e/ou de explotación.

Para os efectos desta axuda, tamén terán a consideración de vítimas de violencia de xénero as mulleres que padecesen violencia vicaria ou violencia por *interposita persona*, con resultado de morte.

b) Estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais, no caso de mulleres estranxeiras, ter residencia legal en España.

A residencia legal en España acreditarase mediante a inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros, no caso de mulleres nacionais dos Estados membros da Unión Europea, do



Espazo Económico Europeo ou da Confederación Suíza, ou coa tarxeta de familiar de cidadán da Unión ou autorización de residencia, en calquera das súas modalidades, no caso de mulleres estranxeiras doutra nacionalidade. Tamén poderá acreditarse a residencia legal en España, coa autorización provisional de residencia expedida pola autoridade que sexa competente para outorgar a autorización de residencia por circunstancias excepcionais, mentres se resolve sobre esta última autorización.

c) Ter cesado a convivencia co agresor ou a vinculación coa/s persoa/s que mantivese/n sobre ela unha relación de dominación e/ou explotación, no intervalo temporal que comprende os doce (12) meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

O intervalo temporal establecido no parágrafo anterior non será de aplicación no caso de violencia vicaria ou violencia por *interposita persona* con resultado de morte.

Nos casos de falecemento do agresor, o intervalo temporal será igualmente de doce (12) meses, tanto para o feito en si do propio falecemento como da ruptura da convivencia.

d) Que o documento acreditativo da situación de violencia de xénero fose adoptado ou emitido no intervalo temporal que comprende os doce (12) meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

O intervalo temporal establecido no parágrafo anterior non será de aplicación no caso de violencia vicaria ou violencia por *interposita persona* con resultado de morte.

No caso de acreditar a situación de violencia de xénero cunha orde de protección ou medida cautelar, esta deberá estar vixente na data de presentación da solicitude e manterse na data da resolución desta axuda.

e) Carecer de dispoñibilidade de recursos económicos ou ser de contía insuficiente para afrontar unha independencia inmediata do seu agresor ou da persoa que mantivese sobre ela unha relación de dominación, e/ou dispoñer dunhas rendas ou ingresos mensuais iguais ou inferiores ao dobre do IPREM vixente, excluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.

2. A solicitante deberá reunir na data de solicitude, e manter ata que esta se resolva e durante a súa percepción, os requisitos indicados no número anterior.



3. Non poderán ser persoas beneficiarias da axuda prevista nestas bases reguladoras as mulleres que, reunindo estes requisitos, xa percibisen con anterioridade esta axuda ou a axuda establecida no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Artigo 6. Natureza das axudas e regras para o cálculo da súa contía

1. A axuda consiste nunha prestación económica destinada directamente á persoa beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce (12) mensualidades, sempre que nese período subsistan as circunstancias polas que se concedeu. O cómputo do período comeza o primeiro día do mes da solicitude.

2. A contía que poderá acadar esta axuda establecerase en función das rendas e ingresos da solicitante na data de presentación da solicitude.

3. Para os efectos de determinar o requisito de carencia de rendas, unicamente se terán en conta as rendas ou ingresos de que dispoña ou poida dispoñer a solicitante, sen que se computen as rendas ou os ingresos doutros membros da unidade familiar que convivan coa vítima. Non se terán en conta as rendas individuais do agresor, nin a vivenda habitual da vítima, nin as asignacións económicas da Seguridade Social por filla/o ou menor acollida/o a cargo.

4. Consideraranse rendas ou ingresos computables os bens, dereitos ou rendementos de que dispoña a solicitante derivados de rendementos do traballo ou de actividades económicas e/ou profesionais, retribucións, rendas, prestacións periódicas, axudas, subsidios, prestacións de pagamento único, indemnizacións ou ingresos por calquera outro concepto ou título, tamén as cantidades percibidas en concepto de rendementos do capital mobiliario e inmobiliario, alugamentos ou similares, así como rendementos do patrimonio, concretamente:

a) Como rendementos do traballo por conta allea computarase a contía líquida obtida como salario pola realización dun traballo por conta allea, excluindo a parte proporcional das pagas extraordinarias. Para a súa xustificación remitirase a última nómina ou nóminas.

b) As rendas que procedan do traballo por conta propia e asimiladas, procedentes de actividades profesionais, agropecuarias ou económicas de calquera natureza, determinaranse de conformidade co procedemento establecido pola normativa fiscal que sexa de



aplicación. Considéranse como ingresos o importe dos ingresos íntegros computables incluídos na última declaración vencida para o cálculo do pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas, deducido o importe aboado en concepto de cotas á Seguridade Social e os demais gastos necesarios para o desenvolvemento da actividade, dividido entre o número de meses de referencia da dita declaración. Para a súa xustificación remitirase a última declaración presentada.

c) Os ingresos procedentes de pensións, prestacións ou subsidios por desemprego ou cesamento de actividade ou de calquera outra prestación social asimilable, calcularanse do mesmo xeito que os rendementos do traballo por conta allea. No caso de non autorizar a súa consulta no anexo I de solicitude, deberán remitir a correspondente documentación xustificativa.

A pensión compensatoria tamén se computará, agás que se acredite que non se está percibindo de maneira efectiva. Para a súa xustificación remitirase o convenio regulador ou documento en que se fixa o importe da dita pensión. No caso de que non se estea percibindo deberá achegarse xustificante de ter presentado reclamación de impagamento en vía xudicial ou resolución xudicial ao respecto.

Computaranse como ingresos os importes que estean afectados por embargo ou retención xudicial.

d) No caso de rendementos de bens mobles, o seu cómputo farase tendo en conta os ingresos netos obtidos no exercicio económico anterior ao da presentación da solicitude, dividíndose a contía total dos ditos ingresos por doce, sempre que os ditos bens permanezan no patrimonio da solicitante na data da solicitude desta axuda e sigan xerando ingresos nesa data. Para a súa xustificación remitirase a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas do último exercicio.

e) No caso de rendementos de bens inmobles, o cómputo realizarase tendo en conta os ingresos íntegros obtidos no mes da solicitude, ou no mes inmediatamente anterior, cando o período de percepción dos rendementos sexa mensual. Se o período de percepción fose superior ao mensual, os rendementos calcularanse dividindo o total de rendementos obtidos no período inmediatamente anterior á solicitude entre o número de meses a que corresponde. Para a súa xustificación remitirase o/os contrato/s e/ou recibos de pagamento e/ou comprobantes de transferencias bancarias.



f) Tamén se terán en conta outros ingresos que se poidan ter e determinar a partir da súa documentación específica.

5. No suposto de que a solicitante estivese percibindo ingresos doutras axudas incompatibles con esta e renuncie a elas, atendendo ao disposto no artigo 18, detraerase do cómputo total o número de mensualidades coincidentes no período de percepción.

Artigo 7. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero derivada dunha relación de convivencia, de violencia vicaria ou dunha situación de dominación e/ou explotación, no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou vítimas de explotación sexual, mediante algún dos seguintes documentos:

1º. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada polo/a letrado/a da Administración de xustiza da propia orde de protección ou da medida cautelar.

2º. Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia de xénero ou documento xudicial que declare que a muller é vítima de trata con fins de explotación sexual e/ou vítima de explotación sexual.

3º. Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero ou de trata con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente en que conste a existencia dos ditos indicios.

4º. Informe das forzas e corpos de seguridade que indique a existencia de indicios claros de violencia de xénero, ou de trata con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual.

5º. Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local de Galicia, en que se recolla a dita condición de vítima de violencia de xénero ou de vítima de trata con fins de explotación sexual e/ou de explotación sexual, e a data en que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación e/ou explotación, respectivamente.



6º. Informe dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local de Galicia, en que se recolla a condición de vítima de violencia de xénero, de vítima de trata con fins de explotación sexual e/ou de explotación sexual, e a data en que se produciu o cesamento da convivencia ou da situación de dominación e/ou explotación, respectivamente.

Cando a condición de vítima de violencia de xénero, ou de vítima de trata con fins de explotación sexual e/ou de explotación sexual, se acredite mediante algún dos documentos previstos nos ordinais anteriores e non conste que a situación de violencia ocorre nunha relación de convivencia ou nunha relación de dominación e/ou explotación, respectivamente, deberá achegarse, ademais, un informe dos servizos de acollida ou dos servizos sociais da Administración autonómica ou local de Galicia que o acredite. En todo caso, deberá constar a data en que tivo lugar o cesamento da convivencia co agresor ou da vinculación coa/s persoa/s que mantivese/n sobre ela unha relación de dominación e/ou explotación, respectivamente.

b) Documentación que xustifique os ingresos declarados no número 1 do anexo I, de ser o caso, segundo o previsto no artigo 6.

c) No caso de discapacidade da solicitante e/ou das/dos súas/seus fillas/os menores ou menores acollidos, a cargo da solicitante, deberá achegar certificación acreditativa de tal condición, se fose expedida por outra Administración distinta á Administración autonómica de Galicia.

d) No caso de que a solicitante teña ao seu cargo fillas/os menores ou menores acollidas/os, deberá achegar a seguinte documentación:

1º. Documentación para acreditar o vínculo familiar: libro de familia ou outro documento que acredite os vínculos familiares da solicitante cos/coas menores ao seu cargo.

No caso de menores acollidas/os a cargo, deberán achegar a resolución administrativa ou xudicial acreditativa da dita situación, nos supostos en que esta fose expedida por unha Administración distinta á Administración autonómica de Galicia.

2º. Documentación para acreditar que as/os menores están ao seu cargo: se houberse convivencia cos/coas menores a cargo, presentarase a resolución xudicial de custodia, informe dos servizos sociais, certificado de empadroamento colectivo onde consten todos os membros da unidade familiar ou calquera outra documentación que acredite as responsabilidades familiares e a convivencia.



De non existir convivencia, presentárase o convenio regulador ou a resolución xudicial en virtude dos cales exista a obriga de alimentos.

Considerárase que existe convivencia naqueles supostos en que a dita convivencia se atope interrompida por motivos derivados da situación de violencia de xénero. Esta situación deberase acreditar a través do informe dos servizos sociais da Administración pública autonómica ou local de Galicia.

e) Anexo II de comprobación de datos de terceiras persoas interesadas, de ser o caso.

2. A documentación complementaria presentárase preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberanse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. As solicitantes deberán comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación que se produza nos datos indicados na súa solicitude ou en calquera dos documentos que a acompañan. Esta variación comunicárase no momento en que se produza, co fin de axilizar a instrución do procedemento.



Artigo 8. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Documento nacional de identidade (DNI) ou número de identidade de estranxeiro/a (NIE) da persoa solicitante.

b) Documento nacional de identidade (DNI) ou número de identidade de estranxeiro/a (NIE) da persoa representante.

c) Número de identificación fiscal (NIF) da entidade representante.

d) Certificado de residencia legal da persoa solicitante estranxeira.

e) Certificado ou volante de empadramento, onde conste o domicilio da solicitante, con data da última variación no padrón.

f) Certificado ou resolución do Servizo Público de Emprego Estatal en que consten os importes da prestación de desemprego percibidos na data actual.

g) Certificado ou resolución do Servizo Público de Emprego Estatal en que consten os importes da prestación de desemprego percibidos nun período.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitud que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

a) Resolución administrativa de acollemento familiar emitida pola Administración autonómica de Galicia.

b) Certificado de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia da solicitante e/ou dos/das fillos/as menores a cargo e/ou menores en acollida a cargo.

c) Certificado do grao de dependencia da solicitante e/ou dos/das fillos/as menores a cargo e/ou menores en acollida a cargo.



d) Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia (Risga).

e) Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, incapacidade temporal, maternidade e paternidade.

f) Certificado da renda (IRPF).

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Instrución*

1. A instrución do procedemento correspóndelle á subdirección xeral con competencias en materia de violencia de xénero. Este proceso efectuarase de forma continuada segundo a orde de recepción de solicitudes.

2. O órgano instructor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

3. De conformidade co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na orde de convocatoria, a subdirección xeral con competencias en materia de violencia de xénero



requirirá a persoa interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez (10) días hábiles, indicándolle que, se non o fixer, se terá por desistida da súa solicitude, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A documentación requirida para a emenda da solicitude deberá ser presentada na forma que se determina no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, e sempre que sexa preciso, a subdirección xeral con competencias en materia de violencia de xénero requiriralles ás persoas solicitantes que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

5. O órgano instrutor, de acordo co establecido no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para as axudas concedidas polo procedemento previsto no artigo 19.2 desta lei, unha vez comprobada a concorrencia dos requisitos exixidos, formulará a proposta de concesión directamente ao órgano concedente.

6. Durante a tramitación do procedemento, o órgano instrutor recadará a información necesaria co obxecto de comprobar que, antes de ditarse a resolución de concesión da axuda, se manteñen os requisitos para ser persoa beneficiaria, especialmente que a orde de protección ou a medida cautelar está vixente, de ser o caso, e que a solicitante non reiniciou a convivencia co agresor, ou a vinculación coa/s persoa/s que mantivese/n sobre ela unha relación de dominación e/ou explotación para o caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou vítimas de explotación sexual, respectivamente.

7. As solicitudes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, que non conteñan a documentación necesaria ou, de ser o caso, non a presenten nos modelos normalizados, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de denegación, en que se indicarán as causas desta.

Artigo 11. *Resolución*

1. A resolución dos expedientes de solicitude destas axudas correspóndelle á persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de violencia de xénero, que resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade.



2. O procedemento de concesión segue o réxime de concorrencia non competitiva, polo que se recoñecerán axudas ata o esgotamento do crédito orzamentario, segundo o disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, sen prexuízo do disposto no artigo 3. De esgotarse o crédito, segundo o establecido no artigo 32 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, acordarase a inadmisión de posteriores solicitudes e publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web.

De producirse o esgotamento do crédito nunha data en que existan varias solicitudes que cumpran os requisitos para a concesión da axuda, establécense os seguintes criterios de prioridade, e por esta orde, para a súa resolución:

- a) Menores ingresos brutos en cómputo mensual, segundo o artigo 6.
- b) Maior grao de discapacidade da solicitante e/ou das/os fillas/os menores e/ou menores en acollida a cargo.
- c) Maior número de fillas/os menores e/ou menores en acollida a cargo.
- d) Maior idade da solicitante.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de cinco (5) meses, que se computarán a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido este prazo sen que se ditase resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada, de conformidade co disposto no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

4. A duración e a contía das axudas serán as que se especifiquen na resolución de concesión.

5. A dirección xeral con competencias en materia de violencia de xénero poderá modificar ou suspender a concesión no caso de que varíen as condicións que a motivaron. As resolucións de concesión, denegación, modificación e/ou suspensión ditadas notificaránselles ás interesadas e terán que ser motivadas.

Artigo 12. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.



2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario.

3. No caso de optar pola notificación en papel, practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 13. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ante o mesmo órgano que as ditou, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se non o for, o recurso contencioso-administrativo poderá interpoñerse no prazo de seis (6) meses contados a partir do día en que se produza o acto presunto.



Artigo 14. *Pagamento das axudas*

1. O pagamento axustarase ao establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño. A contía da axuda concedida aboaráselles ás persoas beneficiarias en pagamentos periódicos por mensualidades vencidas. O primeiro pagamento consistirá nun aboamento polo importe total dos atrasos que, de ser o caso, lle corresponden segundo as mensualidades que figuren na resolución de concesión.

2. Co obxecto de comprobar que non se producen variacións das circunstancias da concesión, que se cumpren as obrigas establecidas e, en todo caso, que a persoa beneficiaria non reinicia a convivencia co agresor ou a vinculación coa/s persoa/s que mantívese/n sobre ela unha relación de dominación e/ou explotación, para o caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou vítimas de explotación sexual, ou que solicita deixar sen efecto as medidas de protección que tivese vixentes, o órgano concedente, durante o período de pagamento, poderá recadar canta información considere necesaria, a través do punto de coordinación de ordes de protección (PCOP), do informe dos servizos sociais da Administración autonómica ou local de Galicia ou por calquera outro medio con validez legal.

3. O pagamento das axudas reguladas nesta orde farase unicamente na conta bancaria que as persoas solicitantes fixesen constar na solicitude, que deberá permanecer activa para estes efectos mentres non se teña constancia da finalización do expediente. A Administración concedente non se fai responsable da imposibilidade de efectuar o ingreso por causas directamente imputables á persoa solicitante.

Artigo 15. *Modificación e suspensión da axuda*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención doutras axudas e subvencións outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade, poderá dar lugar á modificación ou suspensión da resolución de concesión.

2. Sen prexuízo do disposto nesta orde, o órgano concedente poderá iniciar un procedemento de revisión no momento en que teña constancia, ben a través das actuacións levadas a cabo no seguimento das axudas previstas no artigo 19, ben a través de calquera outro medio de comprobación, de que variaron as circunstancias da concesión ou cando a dita comprobación non sexa posible. A apertura deste procedemento pode establecer a suspensión provisional dos pagamentos ata que se dite a resolución definitiva de mo-



dificación ou de suspensión da concesión, ou se deixe sen efecto a dita suspensión, por comprobación do mantemento das circunstancias iniciais, e se reinicien os pagamentos pendentes.

3. Iniciado o procedemento de revisión previsto no número anterior, e transcorridos dous (2) meses desde a suspensión provisional da axuda con imposibilidade de contactar coa persoa beneficiaria, procederase á suspensión definitiva logo da correspondente resolución de suspensión da concesión.

4. En todo caso, procederá resolver a suspensión definitiva da axuda se durante o período de percepción o órgano concedente ten constancia do traslado da residencia da persoa beneficiaria fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, de que a persoa beneficiaria reiniciou a convivencia e/ou a relación co agresor ou a vinculación coa/s persoa/s que mantivese/n sobre ela unha relación de dominación e/ou explotación, para o caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou vítimas de explotación sexual, ou de que a persoa beneficiaria solicitou deixar sen efecto as medidas de protección que tivese vixentes.

Poderán ser exceptuadas da suspensión definitiva da axuda aquelas persoas beneficiarias que, por motivos de seguridade derivados da situación de violencia de xénero, trata con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual, se vexan obrigadas ao traslado a outra comunidade autónoma do territorio nacional, sempre que se xustifique esta circunstancia a través dun informe dos servizos de acollida ou dos servizos sociais da Administración pública galega autonómica ou local, informe xudicial, do Ministerio Fiscal ou das forzas e corpos de seguridade.

5. Se durante o período de percepción da axuda se produce un incremento de ingresos e, como consecuencia disto, se superan os límites de referencia tidos en conta para o cálculo inicial, procederase á modificación da contía da axuda concedida polo período restante, minorándose o seu importe para a súa regularización.

No caso de que o incremento de ingresos determine que se supera o límite establecido no artigo 5.1.e), resolverase a revogación da subvención concedida.

Artigo 16. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. As persoas beneficiarias quedan sometidas ao cumprimento das obrigas exixidas de conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ás actuacións de



comprobación que acorde a Consellería de Política Social e Igualdade. Así mesmo, quedan obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

2. As persoas beneficiarias quedan obrigadas a comunicarlle ao órgano concedente calquera cambio das circunstancias que xustificaron a concesión da axuda, tan pronto como se producisen e, en todo caso, a actualizar e remitirle con carácter semestral o anexo III en que se recollen as declaracións de axudas e de estar ao día nas obrigas tributarias.

3. As persoas beneficiarias quedan obrigadas a manter a residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia durante a percepción da axuda, agás aquelas mulleres que por motivos de seguridade derivados da situación de violencia de xénero, trata con fins de explotación sexual e/ou explotación sexual, se vexan obrigadas a trasladarse a outra comunidade autónoma do territorio nacional, sempre que se xustifique esta circunstancia a través dun informe dos servizos de acollida ou dos servizos sociais, da Administración pública galega autonómica ou local, ou do informe xudicial, do Ministerio Fiscal ou das forzas e corpos de seguridade. Así mesmo, as persoas beneficiarias quedan obrigadas tamén a comunicar, con carácter previo, calquera cambio de enderezo que se produza durante o mesmo período.

4. As persoas beneficiarias quedan obrigadas a participar nos programas de formación, inserción laboral, busca activa e mellora de emprego, así como en calquera outro que determine a Consellería de Política Social e Igualdade, directamente ou en colaboración con outras administracións ou entidades.

Artigo 17. *Reintegro*

1. O órgano concedente poderá proceder á apertura do expediente declarativo de reintegro, total ou parcial e dos xuros de demora devindicados desde o momento do seu pagamento, de acordo co establecido no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos seguintes supostos:

a) Incumprimento das obrigas establecidas nesta orde.

b) Obtención da axuda sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión ou falseando ou ocultando feitos ou datos que terían impedido a súa concesión.



c) Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

2. De acordo co establecido no artigo 64 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da axuda concedida, mediante o seu ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia que lles será facilitada polo órgano xestor, en concepto de devolución voluntaria da axuda. Neste caso, a persoa beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente a copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na cal consten a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e a denominación da axuda concedida.

Artigo 18. *Incompatibilidades*

1. As axudas reguladas nesta orde serán incompatibles con calquera outra establecida polas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades ou por calquera entidade privada, destinadas ao mesmo fin. En concreto, esta axuda é incompatible coa axuda de pagamento único do artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro.

2. Cando a solicitante solicitase e/ou estea percibindo o subsidio por desemprego para mulleres vítimas de violencia de xénero, fará constar expresamente esta circunstancia na declaración de axudas recollida no anexo I de solicitude, tendo en conta que:

a) Cando, na data de presentación da solicitude de prestación periódica, a interesada estea percibindo o subsidio por desemprego para mulleres vítimas de violencia de xénero, deberá facer constar expresamente esta circunstancia na declaración de axudas recollida no anexo I. Se a interesada tivese dereito a percibir a axuda de prestación periódica, por ser esta incompatible co subsidio por desemprego para mulleres vítimas de violencia de xénero, o órgano concedente outorgaralle á solicitante un prazo de cinco (5) días para que manifieste a súa opción, indicándolle que as mensualidades coincidentes no período de percepción de ambas as dúas axudas minoran no mesmo número de meses a axuda regulada nesta orde. Transcorrido o prazo de cinco (5) días desde a data de recepción do escrito de opción pola solicitante sen que o órgano concedente recibise ningunha comunicación ao respecto, este procederá á resolución por incompatibilidade e ao arquivamento do expediente.

b) Cando, con posterioridade á data de presentación da solicitude de prestación periódica, a interesada solicite ou perciba o subsidio por desemprego para mulleres vítimas de



violencia de xénero, deberá comunicalo de xeito inmediato ao órgano concedente, para os efectos do establecido na letra anterior, agás no caso de que autorice expresamente a Consellería de Política Social e Igualdade a consultar os datos que figuren en poder do Servizo Público de Emprego Estatal.

3. As persoas solicitantes deberán ter en conta que as normas reguladoras doutras axudas, tales como a renda de integración social de Galicia (Risga), as pensións non contributivas e aqueloutros subsidios percibidos por carencia de recursos, teñen límites de percepción de ingresos distintos aos establecidos nesta orde, polo que, no momento de recibir a notificación de concesión desta axuda de prestación periódica, deberán comunicalo aos órganos responsables da xestión das axudas que estivesen a percibir.

Artigo 19. *Seguimento e control*

O seguimento das axudas concedidas será realizado polo órgano competente en materia de violencia de xénero da Consellería de Política Social e Igualdade e incidirá, especialmente, nos aspectos que se relacionan a seguir, ademais daquéloutros que se consideren salientables:

a) Avaliación e control da súa aplicación, que comprenderá os documentos referidos no artigo 14.2 e un informe anual sobre a situación das persoas beneficiarias. En todo caso, velarase polo cumprimento dos requisitos polos que se concedeu a axuda durante todo o período de percepción.

b) Apoio e orientación ás persoas beneficiarias para acadar canto antes a súa plena autonomía.

Artigo 20. *Transparencia e bo goberno*

A concesión destas axudas non será obxecto de publicidade, en aplicación do disposto no artigo 15.2.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 17.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Artigo 21. *Información ás persoas interesadas*

1. Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Consellería de Política Social e Igualdade, a través da páxina



web oficial da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>, ou da Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, <https://igualdade.xunta.gal>, no teléfono 881 99 91 64 ou no enderezo electrónico vx.igualdade@xunta.gal

2. De conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións o texto da convocatoria e a información requirida pola dita base de datos.

Artigo 22. *Infraccións e sancións*

As persoas beneficiarias estarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador que sobre infraccións nesta materia establecen a Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 23. *Remisión normativa*

En todo o non previsto nesta orde aplicarase o disposto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e demais normativa de aplicación.

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente a persoa titular do órgano de dirección con competencias en materia de violencia de xénero da Consellería de Política Social e Igualdade a actuar, por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social e Igualdade, para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos, en relación co disposto no artigo 73 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Solicitudes pendentes de resolución*

As solicitudes recibidas ao abeiro da Orde do 3 de xaneiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de proce-



demento SI434A), que ao remate do exercicio anterior non acadasen a fase de resolución por non estaren completos os trámites previos, resolveranse con cargo aos créditos desta orde.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento da orde*

Autorízase a persoa titular do órgano de dirección con competencias en materia de violencia de xénero da Consellería de Política Social e Igualdade para ditar os actos e instrucións que sexan necesarios para o desenvolvemento e a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2025

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social e Igualdade



**XUNTA
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO PRESTACIÓN PERIÓDICA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO SI434A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATA DE NACEMENTO	NACIONALIDADE	DISCAPACIDADE ≥ 33 % OU GRAO DEPENDENCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="checkbox"/> SI
ORGANISMO QUE EXPEDIU A CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA DISCAPACIDADE		
<input type="radio"/> Xunta de Galicia <input type="radio"/> Outros <input type="text"/>		

ENDEREZO

PAÍS					
<input type="text"/>					
TIPO	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PARROQUIA	LUGAR				
<input type="text"/>	<input type="text"/>				

CONTACTO

PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	PREFIXO	OUTRO TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avísos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

- Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.
- Postal** (deberase cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

PARROQUIA LUGAR

DATOS BANCARIOS

- Formato IBAN Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

CENTRO DE REFERENCIA PARA A XESTIÓN DA SÚA SOLICITUDE (CIM, SERVIZOS SOCIAIS, CENTRO DE ACOLLIDA, etc.)

NOME DO CENTRO TELÉFONO

RELACIÓN DE FILLAS E FILLOS MENORES E/OU MENORES EN ACOLLIDA, A CARGO

Nome e apelidos	Data de nacemento	Discapacidade ≥ 33 % ou grao de dependencia	Organismo que expediu a certificación acreditativa da discapacidade
		<input type="checkbox"/> SI	<input type="radio"/> Xunta de Galicia <input type="radio"/> Outros
		<input type="checkbox"/> SI	<input type="radio"/> Xunta de Galicia <input type="radio"/> Outros
		<input type="checkbox"/> SI	<input type="radio"/> Xunta de Galicia <input type="radio"/> Outros
		<input type="checkbox"/> SI	<input type="radio"/> Xunta de Galicia <input type="radio"/> Outros



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:
1. Datos económicos da solicitante

Procedencia das rendas	Concepto ¹	Contía mensual
A) Rendementos mensuais integros do traballo		
B) Rendementos do capital mobiliario e inmobiliario (incluíndo os incrementos do patrimonio. Exceptúase a vivenda habitual)		
C) Rendementos das actividades económicas		
D) Ingresos de natureza prestacional (agás as asignacións económicas da Seguridade Social por filla/o ou menor acollida/o a cargo)		

¹ Se non o cobre, entenderase que non ten ningún ingreso

2. En relación con outras axudas concedidas e/ou solicitadas:

- Que o conxunto de todas as axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, son as que se relacionan a seguir:

- Que non solicitou nin lle foron concedidas axudas para a mesma finalidade.
 Que solicitou e/ou lle foi concedido o subsidio por desemprego para mulleres vítimas de violencia de xénero:

Data da solicitude	Data de concesión	Periodo de concesión	Importe

Que solicitou e/ou lle foron concedidas as seguintes axudas para a mesma finalidade:

Concepto da axuda	Organismo	Data da solicitude	Data de concesión	Importe

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma finalidade doutras administracións públicas e doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración ata a resolución da solicitude e, de ser o caso, ata a finalización do período de percepción da axuda.



3. Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos, incluídos os relativos á conta bancaria en que se realizará o pagamento da axuda, se é o caso, así como que a persoa solicitante é titular única ou compartida da dita conta cunha persoa distinta do agresor ou da persoa que mantívese sobre ela unha relación de dominación e/ou explotación para os casos das mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou de explotación sexual, respectivamente.
 4. Que non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 5. Que non está incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 6. Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 7. Que se compromete a comunicar á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero calquera modificación que se produza nos datos indicados na súa solicitude ou en calquera dos documentos que a acompañan, antes da resolución da solicitude e, se é o caso, durante a percepción da axuda.
 8. Que está de acordo coas actuacións de seguimento e control destas axudas que leve a cabo o órgano concedente.
 9. Que a persoa solicitante dá expresamente o seu consentimento para que a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero complete o expediente administrativo e para a realización das comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos ou documentos achegados, e para obter a información adicional que for necesaria para a estimación adecuada dos ingresos ou recursos económicos.
 10. Que asume as obrigas que lle veñen impostas polo artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as demais previstas nas bases reguladoras desta axuda.
 11. Que está ao día nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 12. Que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia ou nunha relación de dominación e/ou explotación no caso de vítima de trata con fins de explotación sexual e/ou de explotación sexual.
- Que o día rematou a convivencia co seu agresor ou a vinculación coa persoa que mantíña sobre ela unha relación de dominación e/ou de explotación.
13. Que a persoa solicitante dá expresamente o seu consentimento para a comunicación que se determine por parte da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero en relación co centro de referencia indicado pola solicitante, para a xestión da súa solicitude, así como o seguimento e control da axuda, se é o caso.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- | | |
|--------------------------|---|
| <input type="checkbox"/> | Documentación acreditativa da condición de vítima de violencia de xénero derivada dunha relación de convivencia, de violencia vicaria ou dunha situación de dominación e/ou explotación, no caso de vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou vítimas de explotación sexual (art. 7.1.a) |
| <input type="checkbox"/> | Documentación que xustifique os ingresos declarados no punto 1 do anexo I (art. 7.1.b) |
| <input type="checkbox"/> | Documentación acreditativa da discapacidade da solicitante e/ou das/dos súas/seus fillas/fillos menores ou menores en acollida nos supostos en que fose expedida por unha Administración distinta da Xunta de Galicia, de ser o caso (art. 7.1.c) |
| <input type="checkbox"/> | Documentación para acreditar o vínculo familiar, no caso de que a solicitante teña ao seu cargo fillas/os menores ou menores acollidas/os (art. 7.1.d.1º) |
| <input type="checkbox"/> | Documentación para acreditar que as/os menores están ao seu cargo, no caso de que a solicitante teña ao seu cargo fillas/os menores ou menores acollidas/os (art. 7.1.d.2º) |
| <input type="checkbox"/> | Anexo II, de ser o caso (art. 7.1.e) |



COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI ou NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de residencia legal da persoa solicitante estranxeira	<input type="checkbox"/>
Certificado ou volante de empadramento, onde conste o domicilio da solicitante, con data da última variación no padrón	<input type="checkbox"/>
Certificado ou resolución do Servizo Público de Emprego Estatal en que consten os importes da prestación de desemprego percibidos na data actual	<input type="checkbox"/>
Certificado ou resolución do Servizo Público de Emprego Estatal en que consten os importes da prestación de desemprego percibidos nun período	<input type="checkbox"/>
MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
<input type="checkbox"/> Resolución administrativa de acollemento familiar emitida pola Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Grao e nivel de dependencia	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Certificado das percepcións da renda de integración social de Galicia (Risga)	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/> Consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal, Maternidade e Paternidade	<input type="checkbox"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificado da renda (IRPF)	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento de axudas económicas individuais de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e a tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario. A verificación dos datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. De ser o caso, consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	Aos organismos competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou resulte accesible a través dos seus sistemas que sexa estritamente necesaria, de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. En particular, poderá levar a cabo as seguintes comunicacións de datos: As administracións públicas estatais, autonómicas e locais no exercicio das súas competencias en materia de atención e protección social, así como a aquelas competentes en materia de subvencións e axudas públicas cando sexa necesario, coa finalidade de tramitar e xestionar este procedemento, permitir a comprobación da súa condición de beneficiaria desta axuda, así como para a xustificación da súa concesión ante os seus organismos financeiros. Ao centro de referencia sinalado pola solicitante (CIM, servizos sociais, centro de acollida, etc.), para a xestión da concesión da axuda, incluíndo a verificación do cumprimento dos requisitos exixidos para a percepción da axuda, o cumprimento das obrigas, e como medio de contacto coa persoa beneficiaria. Á Base de datos nacional de subvencións, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Orde do 10 de decembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento S1434A).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero





ANEXO II

COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas		SINATURA
			NOME E APELIDOS	NIF		OPÓNOME Á CONSULTA	
		<input type="checkbox"/>			CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN <input type="checkbox"/> Certificado de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia <input type="checkbox"/> Grao e nivel de dependencia	<input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/>	

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Política Social e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento de axudas económicas individuais de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero e a tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario. A verificación dos datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPDP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. De ser o caso, consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas estatais, autonómicas e locais no exercicio das súas competencias en materia de atención e protección social, así como aquelas competentes en materia de subvencións e axudas públicas, cando sexa necesario coa finalidade de tramitar e xestionar este procedemento.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Lugar e data , de de

Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero



DECLARACIÓN DE AXUDAS E DE ESTAR AO DÍA NAS OBRIGAS TRIBUTARIAS
S1434A - PRESTACIÓN PERIÓDICA PARA MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE****IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

- Que está ao día nas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, de acordo co establecido no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que o conxunto de todas as axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, son as que se relacionan a seguir:
 - Que non solicitou nin lle foron concedidas axudas para a mesma finalidade.
 - Que solicitou e/ou lle foi concedido o subsidio por desemprego para mulleres vítimas de violencia de xénero:

Data da solicitude	Data de concesión	Período de concesión	Importe
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

- Que solicitou e/ou lle foron concedidas as seguintes axudas para a mesma finalidade:

Concepto da axuda	Organismo	Data da solicitude	Data de concesión	Importe
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma finalidade doutras administracións públicas e doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración ata a resolución da solicitude e, de ser o caso, ata a finalización do período de percepción da axuda.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

<input type="text"/>	,	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>	de	<input type="text"/>
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------

Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

